

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2.<sup>a</sup>,  
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS  
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E  
SERVIZOS**

Día: 15.03.2017      Hora: 10:30

A Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de marzo de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas orais**

- 1.1 2631 (10/POC-000333)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Vilán Lorenzo, Patricia  
Sobre a valoración pola Xunta de Galicia das distintas fases de construción da nova depuradora de augas residuais en Santiago de Compostela  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017*
- 1.2 3761 (10/POC-000629)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón  
Sobre o desenvolvemento das obras de construción das infraestruturas de saneamento no concello de Ribeira  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 55, do 30.01.2017*
- 1.3 3714 (10/POC-001077)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis  
Sobre as condicións de acceso establecidas na convocatoria da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en materia de colaboración entre a Xunta de Galicia e as corporacións municipais, para a realización de obras con cargo ao financiamento extraordinario para o Plan Hurbe no ano 2016

**Punto 2. Proposicións non de lei**

- 2.1 3196 (10/PNC-000313)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a execución das obras da conexión ferroviaria co porto exterior da Coruña

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 48, do 19.01.2017*

- 2.2 4285 (10/PNC-000398)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e 5 máis  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a conexión ferroviaria directa entre A Coruña e Ferrol, a modernización dese trazado e a avaliación das frecuencias necesarias  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017*
- 2.3 4551 (10/PNC-000434)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa modernización da conexión ferroviaria entre Vigo e Oporto antes de 2020  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017*
- 2.4 4706 (10/PNC-000449)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón e 2 máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa concesión mineira outorgada a Erimisa, publicada no Diario Oficial de Galicia do 28 de novembro de 2006  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017*
- 2.5 4904 (10/PNC-000475)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para reparar os problemas estruturais da ponte da Garga, en Ponteceso, e proceder á súa rehabilitación integral, así como recuperar os seus valores patrimoniais e a comunicación directa entre os núcleos de Anllóns e A Garga  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017*
- 2.6 5265 (10/PNC-000502)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
García Míguez, María Ángeles e 7 máis  
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da execución da mellora do servizo e das conexións de autobús desde o barrio de Teis cara ao Hospital Álvaro Cunqueiro  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017*
- 2.7 5344 (10/PNC-000511)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a aprobación polo Goberno galego na X lexislatura do Plan director de mobilidade alternativa de Galicia, co fin de incrementar o uso da bicicleta  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2017

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 2.<sup>a</sup>, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente

Jaime Castiñeira Broz

P

Vicepresidenta

Marta Nóvoa Iglesias

P

Secretario

Antón Sánchez García

EM

## **Vogais**

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Marcos Cal Ogando

EM

Raúl Fernández Fernández

S

Martín Fernández Prado

P

Antonio Mouriño Villar

P

María Luisa Pierres López

S

María Julia Rodríguez Barreira

P

Gonzalo Trenor López

P

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

P

Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.03.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

**Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 15.03.2017                      Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1      2631(10/POC-000333)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia das distintas fases  
de construción da nova depuradora de augas residuais en  
Santiago de Compostela

*Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017*



## Á Mesa do Parlamento

**Xoaquín Fernández Leiceaga e Patricia Vilán Lorenzo**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

No ano 2011, tres deputados do Grupo Socialista presentaban unha pregunta no rexistro da Cámara na que, na parte expositiva, dicían:

“En Santiago de Compostela hai unha necesidade urxente dunha nova depuradora de augas residuais (EDAR). A existente está excedida, afectando á calidade das augas do río Sar. É un problema que arrastran os veciños de Compostela dende hai anos e que semellaba estar nos últimos meses en vías de solución: un espazo destinada a tal fin, un proxecto ultimado, na fronteira das opcións técnicas dispoñibles, cun tratamento de membranas e unha capacidade de tratamento equivalente a unha cidade de 264.00 habitantes, e un compromiso firme do Ministerio de Fomento para o seu financiamento, cunha achega substancial de fondos europeos, na contorna dos 40 millóns de euros. Existe unha oposición veciñal á radicación, que solicita dende hai tempo un cambio que a afaste das súas vivendas e que se plasmou en acción xudicial.

De acordo con noticias de prensa, o alcalde de Santiago de Compostela asegura o quince de novembro de 2011 que está ultimado o cambio de radicación da nova depuradora, o que significaría o seu traslado, de cordo coas información publicadas, un quilómetro augas abaixo, na marxe dereito do río Sar, nos confíns do concello de Santiago con Ames. E as información de prensa dan por suposto o apoio da xunta de Galicia á nova operación.

Este cambio implica algúns riscos serios para o futuro. O primeiro, de prazos; o segundo, en parte derivado do primeiro, de financiamento. O que podería dar lugar a unha repercusión notable do custe sobre as





tarifas de depuración que deberían soportar a cidadanía de Compostela no futuro.

De prazos por canto sería preciso, unha vez determinado o terreo adecuado, efectuar as expropiacións necesarias, realizar unha nova declaración de impacto ambiental (a depuradora instalárase sobre unha zona virxe, de relevo accidentado, poboada por unha fraga de especies tradicionais), adecuar, cando menos, o proxecto existente para situalo na nova radicación. É preciso unha actuación urxente por canto a perda dos fondos comunitarios comprometería seriamente a viabilidade da nova estación; e podería facer incorrer en causa de sanción por parte da Unión europea. Lembremos que o tribunal de xustiza xa declarou culpable a España de incumplir a normativa sobre augas residuais en 38 aglomeracións urbanas, entre elas Compostela, o que deu un pulo á construción da nova depuradora.

É de financiamento por canto os custes aumentarán; e existe un risco elevado, pola posibilidade de perda dos fondos comunitarios (aproximadamente 38 millóns de euros) e dunha eventual sanción (que poderíamos cifrar nun mínimo de 40 millóns de euros)”.

A día de hoxe non hai novos avances, polo que o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Que avaliación temporal fai a Xunta de Galicia sobre as distintas fases de construción da nova depuradora?
- 2.<sup>a</sup>) Cal é a día de hoxe o custe asociado á mesma?
- 3.<sup>a</sup>) Como se distribuiría este custe entre as distintas administración implicadas?
- 4.<sup>a</sup>) Ten avaliado os efectos sobre a poboación que vive na contorna?

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2016  
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Patricia Vilán Lorenzo



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/12/2016 11:56**  
**Nº Rexistro: 2631**  
Data envío: 27/12/2016 11:56:17.475



---

 Grupo Parlamentario

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/12/2016 11:38:05**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 27/12/2016 11:38:15**

Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.03.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1.2      3761(10/POC-000629)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o desenvolvemento das obras de construción das  
infraestruturas de saneamento no concello de Ribeira

*Publicación da iniciativa, 55, 30.01.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2.<sup>a</sup>**

En 2014 comezaron as obras de depuración de augas de Ribeira , cofinanciadas a través de Augas de Galicia e ACUAES, adxudicadas á UTE, encabezada por COPASA S.A. e por PESA MEDIOAMBIENTE S.A.U., e utilizando fondos europeos “fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural”

Dende comezos de agosto, a veciñanza, da zona onde se instalaram as Estacións de Bombeo (principalmente pola zona de beiramar, dende Palmeira ata Couso (Aguíño)) e as conducións, veñen denunciando vertidos incontrolados, deficiencias de funcionamento na infraestrutura e malos cheiros provocados pola xeración de Sulfuro de Hidróxeno, insoportable, por momentos, nas zonas máis próximas a ditas estacións e nalgún outro punto conflitivo. Tamén están denunciando problemas de saúde relacionados cos gases emitidos, afeccións respiratorias, reaccións alérxicas, mareos, náuseas e vómitos.

Denuncian, tamén, falta de transparencia por parte das institucións, resultándolles imposible ter acceso á información relativa ás obras feitas diante das súas casas e aos informes de medicións de gases, sentíndose desamparados e nunha situación de alarma permanente. Levan semanas agardando resultados das medicións de gases sen resposta por parte da Xunta e tamén solicitaron o expediente de obra, co mesmo resultado, para ter información de que tipo de construción teñen diante das súas casas e que lles está a xerar tantos problemas, afectando a unha poboación de 3000 veciños e veciñas aproximadamente.



Por todo o exposto, o deputado que subscribe presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª:

- 1.ª) Poderían darnos conta do investimento realizado en dita obra, licitación inicial, prezo de adxudicación no concurso público e se houbo concesións de ampliación do teito de adxudicación, coa súa correspondente xustificación, e de que partidas saíu dito investimento?
- 2.ª) Que modificacións houbo con respecto ao proxecto inicial?
- 3.ª) Que procedemento se segue coas augas residuais do polígono industrial? Que protocolo se segue para comprobar que esas augas son sometidas á preceptiva depuración in situ, previa ao seu vertido na rede?
- 4.ª) A que parte da EDAR van as augas do polígono industrial en particular, e as augas industriais en xeral?
- 5.ª) Que tipo de control periódico se realiza desas emisións á ría, para garantir que eses efluentes cumpran cos parámetros recollidos na lexislación vixente?
- 6.ª) Que medidas se tomaron de cara a evitar vertidos ilegais que nos leven a ter que pagar unha nova indemnización, como a que houbo que pagarlle aos bateiros polos danos causados polas emisións aos seus cultivos?
- 7.ª) Aseguran estas novas instalacións que non vaiamos seguir padecendo multas “de Europa” por inaceptables niveis de contaminación da Ría de Arousa?. A partir de que prazo (van máis de cinco meses) ten pensado a Xunta de Galicia actuar implementando medidas ou instalacións suficientes para unha eficaz



eliminación das graves molestias e riscos para a saúde da veciñanza, así como do medio ambiente?

8.ª) Ten previsto a Xunta de Galicia depurar responsabilidades por tan desastrosa xestión de graves consecuencias para o medio ambiente e para a calidade de vida da veciñanza?

9.ª) Está previsto dar información ós veciños solicitantes da mesma, garantindo o dereito á información medioambiental?

10.ª) Poden garantirlle ás veciñas que unha vez rematadas as reparacións das graves carencias, os problemas dos cheiros e a emisión de gases non se volverán repetir en ningún grao de intensidade?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 19/01/2017 12:47:07**

**Antón Sánchez García na data 19/01/2017 12:47:33**

**Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 15.03.2017                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3        3714(10/POC-001077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as condicións de acceso establecidas na convocatoria da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en materia de colaboración entre a Xunta de Galicia e as corporacións municipais, para a realización de obras con cargo ao financiamento extraordinario para o Plan Hurbe no ano 2016



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publicou no DOG nº 116 do 20 de xuño de 2016 a Resolución do 15 de xuño de 2016, da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes, en materia de colaboración entre a Xunta de Galicia e as corporacións municipais, para a realización de obras con cargo ao financiamento extraordinario para o Plan Hurbe no ano 2016.

Tal e como se expón no argumentario, O Plan Hurbe nace como resposta á necesidade da humanización das vilas de Galicia, as grandes e as pequenas que máis o precisen, atendendo á realidade sociodemográfica de cada unha delas, procurando un desenvolvemento equilibrado que permita a equiparación nas mellores condicións coas rexións europeas máis avanzadas.

Os programas do actual Plan Hurbe 2014-2017 son:

- . Programa de equipamentos públicos
- . Programa de humanización de rúas
- . Programa de urbanización e mellora de espazos públicos

Para poder participar no marco do Plan Hurbe, ábrese un prazo de presentación de solicitudes para que os concellos galegos que estean interesados poidan facer as súas solicitudes, que comeza a partir do día seguinte ao de publicación.

As solicitudes presentadas valoraranse por orde de entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, para os efectos de comprobar a súa adecuación aos requisitos previstos nesta resolución, e, en particular, aos obxectivos do Plan Hurbe 2014-2017, dentro do límite das disponibilidades orzamentarias.





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/01/2017 18:21  
Nº Rexistro: 3714  
Data envío: 18/01/2017 18:21:14.761



 Grupo Parlamentario

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación as seguintes preguntas:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1ª) Que concellos presentaron solicitudes ao abeiro da dita orde, con especificación da data de rexistro de entrada de cada unha das ditas solicitudes?

2ª) Cal é a relación de concellos cos que a Xunta de Galicia asinou un convenio sobre a base desta resolución, con especificación de cada un deles e a data na que se asinaron?

3ª) Cal é a data de esgotamento do crédito inicialmente contemplado na orde?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/01/2017 18:12:38**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 18/01/2017 18:12:48**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 18/01/2017 18:12:59**

Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.03.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

2.        Proposicións non de lei en comisión

Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.03.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

2.1        3196(10/PNC-000313)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao  
Goberno central para a execución das obras da conexión  
ferroviaria co porto exterior da Coruña

*Publicación da iniciativa, 48, 19.01.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa do seu vice-portavoz **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa a medidas de actuación en relación co Porto da Coruña.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Plan de Investimentos dos Portos do Estado 2017-2021, non se reflexa ningunha dotación orzamentaria para a execución de obras de acceso ferroviario exterior.

Unicamente se contemplan 1,1 millóns (previstos no Plan de Empresa da Autoridade Portuaria, aprobado o 22 de decembro de 2016), pero que se corresponden unicamente co orzamento referido ás asistencias técnicas (ver Plan de Investimentos Autoridade Portuaria da Coruña – Plan de Empresa).

En consecuencia, da previsión dos 101,1 millóns anunciados por Fomento para dita conexión, so 1,1 millóns están orzamentados (fondo de accesibilidade), pero os restantes 100 millóns, non teñen financiamento comprometido nin previsto.

Só hai tres Portos no Estado que quedan sen concreción da dotación orzamentaria, o da Coruña, con 100 millóns, o de Baleares, con 9 millóns, e o de Castelló con 81 millóns.

O 30 de xuño de 2016 adxudicouse o contrato (formalizado o 20 de xullo de 2016) para a redacción do proxecto de conexión ferroviaria (adxudicado por 1,6 millóns de euros, e cun prazo de entrega de 14 meses), pero dito proxecto



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/01/2017 10:23  
Nº Rexistro: 3196  
Data envío: 12/01/2017 10:23:43.808



construtivo está condicionado pola aprobación definitiva do estudo informativo e da DIA (Declaración de Impacto Ambiental).

O “Estudio Informativo del Acceso Ferroviario al Puerto Exterior de A Coruña en Punta Langosteira” foi sometido a información pública no BOE de 31 de xullo de 2014 [e non consta como aprobado, co que concluímos que a DIA tampouco.](#)

Unha Declaración de Impacto Ambiental que debía de estar formulada en maio de 2016 e a día de hoxe aínda non o está.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- 1) Dirixirse ao Goberno español para esixir a axilización do proceso administrativo, estudo informativo, declaración de impacto ambiental e Proxecto construtivo, da conexión ferroviaria ao Porto Exterior da Coruña.
- 2) Esixir ao Goberno do Estado unha dotación orzamentaria para o ano 2017 e seguintes que garantan o cumprimento dos prazos da conexión ferroviaria ao Porto Exterior da Coruña.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro suplente do G.P. de En Marea.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/01/2017 10:23**  
**Nº Rexistro: 3196**  
Data envío: 12/01/2017 10:23:43.808

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 12/01/2017 10:22:10**

Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.03.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

2.2      4285(10/PNC-000398)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao  
Goberno central para a conexión ferroviaria directa entre A  
Coruña e Ferrol, a modernización dese trazado e a avaliación  
das frecuencias necesarias

*Publicación da iniciativa, 62, 08.02.2017*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández, María Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada, Begoña Rodríguez Rumbo e María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

Un dos obxectivos máis importantes da política da Unión Europea consiste en separar o crecemento económico dos países membros do aumento do volume de vehículos necesarios para cubrir as súas necesidades. Non obstante, de todos é sabido que a realidade actual é máis ben contraria a este principio: ano tras ano o parque de vehículos utilitarios vai en aumento, así como o número de avións postos en ruta, etc, co conseguente impacto en termos de pegada ecolóxica. As tendencias do sistema de transporte actual en Galicia en xeral, e na provincia da Coruña en particular amosan unha tendencia en aumento do volume de vehículos de xeito continuado, debido ao estilo de vida que seguimos. Así, o transporte por estrada e o aéreo medran con máis velocidade que o resto dos medios de transporte. Deste modo, o aumento na construción de infraestruturas de transporte baseado en estradas, aeroportos e terminais, vai en detrimento do mantemento e a renovación do estado das liñas de ferrocarril existentes, ou do deseño e a construción de novas liñas que permitan alcanzar obxectivos de redución de contaminación no transporte, e conseguir o axuste ás metas baseadas no desenvolvemento sostible a que o noso país está obrigado polos acordos internacionais. Todo isto ten un impacto medible sobre o cambio climático e sobre o medio ambiente que é preciso corrixir.

O transporte sostible baseado no transporte de persoas e mercadorías por medio do ferrocarril produce uns custos sociais e ambientais menores aos actuais, e reducen o peso do vehículo privado como medio de transporte e do petróleo como fonte de enerxía. A mobilidade sostible baseada no tren implica tamén a necesidade de modificar o comportamento humano co fin de garantir a calidade de vida actual e dos xeracións futuras. Non é un simple cambio de fonte de enerxía, senón que tamén implica a utilización de medios de transporte distintos dos habituais.





#### Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por outra banda, o transporte sostible a través do ferrocarril non debe circunscribirse unicamente a estudantes que se moven entre os campus universitarios, senón que debe abranguer ao traballador que entra e sae da cidade e os polígonos industriais adxacentes. Desempeña, polo tanto, un papel relevante como elemento vertebrador do desenvolvemento socioeconómico dun territorio, especificamente nas súas relacións coa industria, tanto no que se refire ao transporte de materias primas como á distribución do produto final ata os puntos de venda ao consumo, o que esixe contar coas políticas e programas necesarios que favorezan a dispoñibilidade de trens axeitados e infraestruturas de transporte específicas para a carga a transportar, portos secos de carga, estacións e apeadeiros que dean servizo ao espazo industrial do territorio, adecuándoos e ampliándoos de acordo ás necesidades, en especial aqueles que están máis cerca dos polígonos industriais.

No caso que afecta a esta iniciativa, as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal na provincia da Coruña, as infraestruturas que farían posible unha política de transporte sostible de persoas e mercadorías están seriamente descoidadas, sobre todo se atendemos ao estado actual das estacións e apeadeiros, Pola súa parte, as frecuencias de trens fóronse reducindo nos últimos anos, facendo que o uso do tren perda interese para o usuario de curto percorrido, que conta cun sector de usuarios específico en determinados tramos horarios, como é o caso dos estudantes e traballadores de polígonos industriais, sempre que se axilizasen os traxectos e se permeabilizase a súa dispersión desde a estación aos diferentes puntos de destino.

En definitiva, a mobilidade sostible baseada no transporte de viaxeiros e mercadorías a través do ferrocarril, susténtase en tres piares:

- a) Racionalización e restrición do uso do vehículo privado
- b) Potenciación do transporte por ferrocarril
- c) Planificación territorial axeitada

Neste sentido, o desenvolvemento e a potenciación de novas liñas de transporte de ferrocarril ou o mantemento das actuais en Galicia non foi en consonancia co resto do Estado. A liña de ferrocarril A Coruña-Ferrol, por exemplo, vén sufrindo recortes non últimos anos nos seus servizos de proximidades provocando a conseguinte e drástica diminución de pasaxe. Tales recortes parecen estar orientados mais ben a xustificar a total eliminación pola vía da perda de competitividade. Ademais, o recorte de frecuencia nos trens ten varios impactos relevantes. En primeiro lugar, deixa incomunicadas poboacións intermedias, e en segundo, sobrecarga as estradas próximas. En terceiro lugar, reduce o cadro de



#### Grupo Parlamentario

traballadores e finalmente, deixa a estudantes que circulan entre os campus da Coruña e Ferrol sen servizo.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A recuperación de frecuencias de acordo ás necesidades da poboación e a redución dos prezos dos billetes, así como a mellora de tempos das viaxes, contribuiría a fomentar este transporte colectivo.

A renovación da liña ferroviaria contribuiría ao desenvolvemento socioeconómico da gran área metropolitana Ferrol-Coruña, á cohesión territorial, á competitividade, e a xerar un maior asentamento das poboacións e ao crecemento económico e demográfico, ademais dunha mellora ambiental notable derivada da redución de tráfico nas estradas, co conseguente impacto ambiental positivo.

A falta de servizos adecuados á poboación, a redución de paradas e o peche das estacións, unido á falta de investimentos para a modernización da infraestrutura, está ocasionando unha perda constante de usuarios nesta liña. É inaceptable o illamento por ferrocarril das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, co abandono do proxecto Eixo Atlántico entre Ferrol e Vigo.

O traxecto ferroviario Ferrol-Coruña debería considerarse como unha liña de proximidade por ferrocarril, tal e como existe en todas as comunidades do litoral onde se concentran as maiores densidades de poboación.

O agravio comparativo destas tres comarcas con respecto ao resto das comarcas costeiras de Galicia (Coruña-Vigo), e co resto de comunidades do Estado, é inxustificable. Comunidades con moita menos poboación, teñen liñas de proximidade cun número de servizos e cadencias moito maior ca estas. Sirva como exemplo que o tren hotel a Madrid sae 15 minutos antes da estación de Ferrol e chega a Madrid 1 hora e vinte minutos máis tarde, dándose a circunstancia de que dúas horas despois de saír de Ferrol, aínda non pasou por Betanzos.

Ademais, potenciar o desenvolvemento industrial significa reconecer a potencialidade industrial do eixo Ortegal-Ferrol. Eume-A Coruña e as súas derivacións, abaratando os custos de transporte e aumentando de modo significativo a seguridade viaria.



**Grupo Parlamentario**

A necesaria renovación da liña entre A Coruña e Ferrol contribuirá, sen dúbida, á recuperación económica e industrial da comarca de Ferrol e á conexión das súas instalacións portuarias coa rede ferroviaria europea.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo isto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa o Goberno central e lle solicite:

- a) Licitarse de forma inmediata os estudos necesarios para a conexión directa entre A Coruña e Ferrol.
- b) Que realice as xestións oportunas con ADIF e RENFE co fin de adoptar as actuacións necesarias para a modernización dese trazado, tanto desde o punto de vista técnico como comercial, que permita dispoñer dun servizo público e competitivo que permita establecer a comunicación necesaria entre A Coruña, Ferrolterra, Eume e Ortegal, tanto co Eixo Atlántico (existente) Ferrol-Vigo, como co resto de servizos nacionais de larga distancia.
- c) Que realice os estudos oportunos de cara á avaliación das frecuencias necesarias de acordo ás necesidades horarias das poboacións afectadas, reducindo tanto os tempos de viaxe como o prezo dos billetes na liña A Coruña-Ferrol.

Parlamento de Galicia, 25 de xaneiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 31/01/2017 10:59:58**

**Raúl Fernández Fernández na data 31/01/2017 11:00:14**

**María Luisa Pierres López na data 31/01/2017 11:00:40**



---

**Grupo Parlamentario**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/01/2017 11:00:51**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/01/2017 11:01:03**

**María Dolores Toja Suárez na data 31/01/2017 11:01:08**

---

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/01/2017 11:01:19**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.03.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

2.3        4551(10/PNC-000434)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en  
relación coa modernización da conexión ferroviaria entre Vigo  
e Oporto antes de 2020

*Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2017 11:01**  
**Nº Rexistro: 4551**  
Data envío: 06/02/2017 11:01:28.638

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A modernización da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto ten un longo historial de incumprimentos, atrasos e enganos. No ano 2006 os gobernos español e portugués incluíron o proxecto no plan conxunto de actuacións e fixaron a entrada en funcionamento do servizo no ano 2013. Coa excusa da crise estas previsións foron adiadadas e precisamente nese ano 2013 adoptáronse algunhas decisións –sobre todo as supresión de 11 paradas- que permitiron reducir o tempo da viaxe desde as 3 horas ás 2 h e cuarto.

A pesar das melloras introducidas, a conexión ferroviaria Vigo-Porto ten aínda grandes carencias: tempo de duración da viaxe, limitación de horarios e frecuencias, inseguridade do trazado, trens anticuados...

2. Ao longo deste período de tempo fóronse anunciando sucesivamente os anos 2015 e 2017 (unha historia repetida noutros proxectos) para a posta en funcionamento da modernización da liña, que debe ter como obxectivo final comunicar Vigo e Porto en 75 minutos. Pero a realidade é que unha infraestrutura que é vital e estratéxica para a vertebración da área xeográfica segue acumulando dilacións, atrasos e trasacordos.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 06/02/2017 11:01  
**Nº Rexistro: 4551**  
Data envío: 06/02/2017 11:01:28.638

3. O pasado xoves 26 de xaneiro tivo lugar en Vigo o foro “Vertebración ferroviaria da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal”, organizado pola CEG e o Eixo Atlántico, no que participaron o secretario de Estado de Infraestruturas do goberno portugués, Guilherme D’Oliveira, e o o secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda do goberno español, Julio Gómez-Pomar. Neste encontro, o representante do goberno portugués anunciou as obras de modernización e electrificación da liña do Miño entre Porto e Valença. O investimento previsto nos 93 km que ten a liña é de 83,2 millóns de euros e a previsión do goberno portugués é que esta rematada en 2019.

As actuacións que despois de múltiples atrasos está a desenvolver o goberno portugués van permitir mellorar a competitividade, a capacidade e a seguranza da liña. Os proxectos que actualmente están adxudicados ou en proceso de licitación son as seguintes:

- Electrificación do treito Nine-Viana
- Nova sinalización entre Nine e Valença
- Construción dunha subestación eléctrica en Vilafría
- Eliminación de pasos a nivel
- Construción de 3 novas estacións en Midoes, Afife e Cerveira Norte, e cambios naas estacións de Barcelos, Darque e Viana

5. O compromiso do actual goberno portugués pola modernización da vía contrasta coa ausencia de iniciativa do goberno español e o silencio cómplice da Xunta de Galiza. Malia os acordos acadados na cimeira ibérica de Baiona en xuño de 2015, a realidade é que o goberno do Estado non impulsou ningunha actuación nin proxecto



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 06/02/2017 11:01  
**Nº Rexistro: 4551**  
Data envío: 06/02/2017 11:01:28.638

para modernizar o trazado e a liña que comunica Vigo coa fronteira portuguesa, cunha distancia de aproximadamente 30 km.

Proxectos como a saída sur de Vigo, a solución ao paso da liña férrea polo centro do Porriño, a supresión de pasos a nivel e o remate da electrificación da vía seguen gardados nalgún caixón do Ministerio de Fomento. No caso do proxecto da saída sur, que permitiría darlle continuidade ao trazado do eixo atlántico cara a Portugal pasando por Vigo, está paralizado polo Ministerio de Fomento desde o ano 2007.

6. Ante esta situación, a Xunta de Galiza debe romper a actitude de silencio e complicidade cos sucesivos atrasos desta infraestrutura. E a vindeira cimeira hispano-lusa pde ser un bo marco para que o goberno galego faga chegar ao goberno español a esixencia dun compromiso firme a prol da definitiva modernización da liña Vigo-Porto e por extensión da comunicación ferroviaria entre Coruña e Lisboa.

En consecuencia co anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición no de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a dirixirse ao goberno español para

1. Incluir na axenda do vindeiro cumio hispanoluso un acordo para a definitiva modernización da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto antes de 2020, asumindo o compromiso de reducir a duración da viaxe a 75 minutos.

2. Impulsar a aprobación do proxecto da saída sur de Vigo e a súa construción.

3. Estudar e aprobar unha alternativa ao paso da vía férrea polo centro da vila do Porriño.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2017 11:01**  
**Nº Rexistro: 4551**  
Data envío: 06/02/2017 11:01:28.638

4. Completar a modernización, sinalización e electrificación da vía, nunhas condicións homoxéneas a ambos lados do Miño.

5. Mellorar as condicións de seguranza do trazado e suprimir os pasos a nivel.”

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 06/02/2017 11:00:10**

**Olalla Rodil Fernández na data 06/02/2017 11:00:16**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/02/2017 11:00:21**

**María Montserrat Prado Cores na data 06/02/2017 11:00:25**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/02/2017 11:00:27**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/02/2017 11:01**  
**Nº Rexistro: 4551**

Data envío: 06/02/2017 11:01:28.638

**Ana Pontón Mondelo na data 06/02/2017 11:00:31**

Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.03.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

2.4        4706(10/PNC-000449)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en  
relación coa concesión mineira outorgada a Erimsa, publicada  
no Diario Oficial de Galicia do 28 de novembro de 2006

*Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sanchez García, Marcos Cal Ogando e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 2ª.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No DOG do 28 de novembro de 2006 (e tamén no BOP de Lugo de 7 de novembro de 2006) publicouse o anuncio que literalmente se transcribe:

“ANUNCIO do 25 de setembro de 2006, da Delegación Provincial de Lugo, polo que se fai público que se outorgaron tres concesións de explotación.

A Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria en Lugo fai saber que por Resolucións do 14 de setembro de 2006 se outorgaron as tres concesións de explotación que se transcriben a continuación con expresión de nome, número, recurso, concello e cuadrículas mineiras:

- Pastoriza; 5562; cuarzo; A Pastoriza e Riotorto; vinte e nove.
- Alicia; 5917; cuarzo; Abadín, Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza e Vilalba; noventa e tres.
- Karles; 5919; cuarzo; Castro de Rei e Cospeito; setenta.

O que se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 101 do Regulamento xeral para o réxime da minaría do 25 de agosto de 1978”.

É dicir, outorgáronse as concesións referenciadas en data 14 de setembro de 2006. A finais do ano 2012 e principios do 2013 denegáronse todas as licencias urbanísticas para poder explotar a concesión.



En varias ocasión varios colectivos e particulares teñen solicitada a declaración de caducidade das concesións mineiras, en base a inactividade regulada na lexislación sectorial.

O artigo 109 do Regulamento Xeral para o Réxime da Minería, aprobado por Real Decreto 2857/1978, de 25 de agosto, sinala que as concesións de explotación de recursos da Sección c declararanse caducadas, entre outros motivos por:

- d. Por incumprimento da obriga de iniciar os traballos no prazo dun ano a partir do outorgamento da concesión.
- e. Por incumprimento grave ou, no seu caso, reiterado dos prazos, forma e intensidade dos traballos aprobados nos proxectos e plans de labores.
- f. Por incumprimento reiterado da obriga de presentar, dentro dos prazos regulamentarios, o plan de labores anuais.
- j. Por incumprimento das condicións impostas no título da concesión ou nos plans de labores anuais cuxa inobservancia estivese expresamente sancionada coa caducidade.

No caso presente concorren cando menos dúas destas causas para declarar caducada as concesións, sen embargo, a primeira solicitude de caducidade presentouse o 28/02/2013 e a última o 06/07/2015.

As caducidades non foron declaradas, nin foi contestada ningunha das solicitudes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 08/02/2017 09:30  
**Nº Rexistro: 4706**  
Data envío: 07/02/2017 18:43:33.629



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a declarar a caducidade da concesión mineira a ERIMSA, publicada no DOG do 28 de novembro de 2006”

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro S. do G.P. de En Marea

Marcos Cal Ogando

Davide Rodríguez Estévez

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 07/02/2017 18:42:15**

**Marcos Cal Ogando na data 07/02/2017 18:42:22**

**David Rodríguez Estévez na data 07/02/2017 18:42:33**

**Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 15.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.5 4904(10/PNC-000475)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para reparar os problemas estruturais da ponte da Garga, en Ponteceso, e proceder á súa rehabilitación integral, así como recuperar os seus valores patrimoniais e a comunicación directa entre os núcleos de Anllóns e A Garga

*Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017*



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa á situación da Ponte da Garga en Ponteceso.

A Ponte da Garga é unha ponte de indubidábel valor patrimonial, catalogada, e que ademais está en uso, cumprindo unha funcionalidade social real ao comunicar directamente os núcleos de Anllóns e A Garga, e por extensión ás parroquias circundantes.

Trátase dunha ponte do século XIX, de dous vans, executados con arcos de medio punto lixeiramente rebaixados, de doelas de cantería de granito. Os seos están formados por cachotería e posúe un tallamar central en ángulo, formado con cantería de granito. O acceso realízase mediante dúas ramplas a cada lado da ponte. O paso superior posúe gran anchura e proteccións laterais, constituíndo unha estrada de asfalto. Os peitorís pertencen a unha actuación posterior, executados con pezas de cantería.

A ponte, malia a súa beleza e valor patrimonial e atoparse nun entorno natural de grande fermosura, sufriu co paso do tempo un importante proceso de degradación, soportando ata hai ben pouco aparellos de medición da calidade das augas, tubos de PVC. e abundosa vexetación que medra de entre as pedras que a conforman. A estas deficiencias súmase o deterioro da calzada e diversas fendas na tallamar da ponte. Ademais na cantería da ponte foi medrando abundosa vexetación. A estas deficiencias súmase o deterioro da calzada e diversas fendas na tallamar da ponte.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2017 10:26**  
**Nº Rexistro: 4904**  
Data envío: 13/02/2017 10:26:25.798

Estas deficiencias víronse fortemente agravadas polas dúas importantes enchentes do río Anllóns no último ano, provocando entre outros problemas estruturais, a evolución imparabile das fendas no tallamar e estrutura da ponte, o fallo da cimentación do tallamar e o xiro do mesmo provocando o reasentamento do arco dereito e un aumento importantísimo das fendas na calzada e outras partes da ponte. Froito desta situación o concello tivo que adoptar a decisión de cortar o tráfico rodado na ponte ao deixar de reunir as condicións máis elementais de seguridade.

No informe do arquitecto técnico do concello da Ponteceso de 11 de maio de 2016, este dá conta das diferentes inspeccións realizadas desde a aparición visible das deficiencias da ponte, facendo constar que estas se agravan día a día a pesar das medidas de contención e asegurado do tallamar, finalizando o xa mencionado informe deste xeito:

*Ó meu xuízo, a Ponte da Garga presenta un estado estrutural moi grave na actualidade, polo que é urxente actuar sobre ela no que se refire á súa consolidación, co obxecto de evitar que colapse.*

*Estimo que a prohibición do tráfico rodado sobre a ponte debe continuar ata que se adopten as medidas preventivas e de consolidación oportunas.”*

Esta situación de corte do tráfico na ponte provoca numerosas disfuncións na vida cotiá dos/as veciños/as, que se ven obrigados/as a dar unha volta de sete quilómetros co correspondente prexuízo económico e de perda de tempo. A isto súmase a situación das persoas con problemas de discapacidade, que para se desprazar dependen doutras para uns desprazamentos de metros que se converten en imposibles ao depender do automóbil e doutras persoas, ou os prexuízos que esta situación provoca no reparto de mercadorías, nos traballos en leiras próximas e un longo etcétera. Situacións



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2017 10:26**  
**Nº Rexistro: 4904**  
Data envío: 13/02/2017 10:26:25.798

que inciden na calidade de vida dos/as veciños/as, que ven reducidas e encarecidas as súas posibilidades de comunicación.

Por todo o devandito, o G.P. do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª, relativa á situación da Ponte da Garga en Ponteceso.

*“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a colaborar co concello da Ponteceso, habilitando a partida económica correspondente para completar o orzamento preciso para proceder á reparación dos problemas estruturais da ponte da Garga e a súa rehabilitación integral, recuperando os seus valores patrimoniais e a comunicación directa entre os núcleos de Anllóns e A Garga.”*

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2017 10:26**  
**Nº Rexistro: 4904**

Data envío: 13/02/2017 10:26:25.798

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2017 10:04:46**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2017 10:05:01**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2017 10:05:06**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2017 10:05:39**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2017 10:05:42**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2017 10:05:48**

Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.03.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

2.6        5265(10/PNC-000502)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da  
execución da mellora do servizo e das conexións de autobús  
desde o barrio de Teis cara ao Hospital Álvaro Cunqueiro

*Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/02/2017 16:55  
**Nº Rexistro: 5265**  
Data envío: 16/02/2017 16:55:08.420

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Marían García Miguez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Gonzalo Trenor López, Antonio Mouriño Villar, Marta Novoa Iglesias, Teresa Egerique Mosquera, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión**.

## Exposición de Motivos

Dende a AAVV de Teis en Vigo, os veciños veñen reclamando fai máis dun ano a mellora no transporte urbano ó Hospital Álvaro Cunqueiro, xa que teñen que facer trasbordo no centro da cidade e coller outra liña para poder chegar o seu lugar de destino despois de máis dunha hora de traxecto de ida e outro tanto de volta.

Fixeron peticións ante o goberno do Concello de Vigo para ser escoitados, pero a día de hoxe as súas reclamacións non teñen resposta.

Reclamaron ante o Valedor do Cidadán e a Valedora do pobo, xa que nin sequera lles permiten ser escoitados no Pleno coma outras asociacións ou entidades que así o solicitan.

Manifestáanse unha vez o mes polas rúas da cidade de Vigo, recolleron máis de 3.700 firmas e seguen sen solución ante un problema que nalgúns casos é grave, xa que as persoas maiores, discapacitados, menores ou mesmo a poboación en xeral que se atopa nunha situación delicada non ten o recurso axeitado de mobilidade en tempo e forma.

Por iso, non debe haber cidadáns de primeira ou segunda dependendo de onde vivan para que poidan disfrutar dos medios necesarios e suficientes de acceso os servizos básicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a dirixirse ao Concello de Vigo para que acometa a mellora do servizo e das conexións de autobús desde o barrio de Teis cara ao hospital Álvaro Cunqueiro, atendendo así as necesidades dos veciños”.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2.017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 16/02/2017 16:47:24**

**María Ángeles García Míguez na data 16/02/2017 16:47:46**

**Martín Fernández Prado na data 16/02/2017 16:47:58**

**Jaime Castiñeira Broz na data 16/02/2017 16:49:01**

**Gonzalo Trenor López na data 16/02/2017 16:49:16**

**Antonio Mouriño Villar na data 16/02/2017 16:49:43**

**Marta Novoa Iglesias na data 16/02/2017 16:50:00**

**Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2017 16:50:17**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/02/2017 16:50:36**

**Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 15.03.2017                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.7        5344(10/PNC-000511)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a aprobación polo Goberno galego na X lexislatura do  
Plan director de mobilidade alternativa de Galicia, co fin de  
incrementar o uso da bicicleta

*Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

En outubro de 2011, a entón Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas falaba de incrementar o uso da bicicleta como medio de desprazamento alternativo en Galicia a través do Plan director de mobilidade alternativa, que se comezaría a aplicar en 2012. Naquel momento de diagnose, ofrecíanse multitude de datos e o Goberno galego asumía que o inventario de vías ciclistas revelaba unha escasa presenza de infraestruturas para a bicicleta, inferior aos 250 quilómetros.

Dese plan nada se volveu saber, mais o certo é que en Galicia hai un importante potencial de transferencia de viaxes aos modos non motorizados, dada a proximidade entre poboacións de tamaño pequeno e que máis ou menos un 50 % da poboación ten acceso limitado ao vehículo privado. Por suposto, non é necesario falar de que os desprazamentos alternativos aos vehículos potencian a preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático.

A asociación PEDALADAS apostaba e aposta por este modelo, encadrado dentro do Plan estratéxico estatal da bicicleta, que se quere poñer en marcha na actualidade en todo o país e que este grupo parlamentario considera esencial.





 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aprobar, nesta lexislatura, o plan director de mobilidade alternativa de Galicia (cunha imprescindible fase de consulta), e cos seguintes obxectivos fundamentais:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1. A creación dunha rede de infraestruturas ciclistas de carácter interurbán e metropolitano.
2. A adecuación gradual das vías galegas, de maneira que teña en conta a seguranza viaria das persoas usuarias da bicicleta.
3. A programación de estratexias complementarias para que a bicicleta, en solitario ou en combinación co transporte público colectivo, substitúa ao automóbil, fomentando a intermodalidade.
4. A consolidación dun marco institucional e normativo favorable á mobilidade alternativa e acompañado de medidas de promoción e sensibilización.

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Raúl Fernández Fernández  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2017 12:55**  
**Nº Rexistro: 5344**  
Data envío: 17/02/2017 12:55:20.378



---

**Grupo Parlamentario**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 17/02/2017 12:51:50**

**Raúl Fernández Fernández na data 17/02/2017 12:51:57**

**María Luisa Pierres López na data 17/02/2017 12:52:04**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/02/2017 12:52:08**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---